

CONSELLO TERRITORIAL DE SEDES

Data: 23 de outubro de 2023

Lugar: Local Social de Sedes

Hora de comezo: 18:00 h

Hora de remate: 19 h

CONVOCATORIA E ASISTENCIA

Están convocadas, ademais das persoas designadas por cada grupo municipal para este barrio, as entidades asociativas rexistradas na zona.

Asisten ao Consello Territorial as seguintes persoas do tecido asociativo e dos diferentes grupos políticos da Corporación:

- Olga Ameneiro López (Concelleira de Participación) Presidenta do Consello Territorial
- Juan Pablo Mauriz Romero (Concelleiro de Mobilidade, Urbanismo e Obras)
- Gonzalo Iglesias (Partido Popular)
- Beatriz Mosquera Puentes (Bloque Nacionalista Galego)
- Silvia de Arriba Fernández (Partido dos Socialistas de Galicia)

Veciñanza asistente:

- Eva Blanco (veciña de Sedes)
- Juan Couce Rodríguez (veciño de Sedes)
- Julia Montero (veciña de Sedes)
- María Gloria Couce (veciña de Sedes)

Xunto con Martín Vázquez Añel e Eva Paola Bermúdez Porras en calidade de equipo técnico da Escola de Participación Cidadá e Secretaría Técnica do Consello Territorial.

Benvida e apertura

Olga Ameneiro dá a benvida a todas as persoas participantes e explica o sentido dos Consellos territoriais e sentido destes espazos como lugares construtivos de diálogo e procura de solucións para as parroquias.

Preséntase a axenda e o sentido da sesión.

ORDE DO DÍA

1.Revisión das necesidades/propostas compartidas nos últimos Consellos Territoriais. Deixamos un espazo ás persoas asistentes para que seleccionen as tres cuestións prioritarias para a veciñanza de Doso, para poder falar delas con máis calidade. A continuación, abrimos outro espazo para seguir compartindo as necesidades.

2. Compártense, por medio dunha rolda, **novas necesidades/propostas**, ás que na medida do posible se responde no propio Consello Territorial, incorporando aquelas que precisen de estudo ou revisión á folla de seguimento.

3. Resposta por parte do Goberno local, así como recollida de intervencións por parte do resto de Concelleiras/os da Corporación.

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Comezamos a sesión dedicando un primeiro espazo a compartir información sobre o regulamento e os Consellos territoriais. Gonzalo Iglesias, en representación do PP, suxestiona que os Consellos deberían mudar o nome e non falar de participación cidadá se é limitado ás asociacións. Explícase o que recolle o regulamento, que son espazos para a cidadanía organizada e o sentido disto.

A continuación, convídase ás persoas asistentes a que revisen o listado de temas de anteriores Consellos territoriais para poder seleccionar os que teñen maior prioridade. Durante esta sesión intercaláronse temas pendentes e novos temas que separaremos nesta acta:

Actualización do estado das cuestións recollidas en anteriores CT:

- Estrada da Deputación
 - A veciñanza comparte información sobre un cruce problemático na estrada. O Concello puxo un espello para facilitar a visibilidade mais, debido á velocidade á que pasan os coches, continúa a ser un tramo moi perigoso. Proponse colocar bandas, un semáforo, un radar ou algo que provoque a diminución da velocidade. Tamén se comenta que a xente non sabe a que velocidade hai que circular e que falta sinalización. Pablo Mauriz comparte que hai que dar traslado á Deputación e tamén que hai que valorar esta decisión conxuntamente debido aos problemas que pode xerar o ruído das bandas. Olga Ameneiro informa de que se pode solicitar o que sexa máis conveniente á Deputación para que se valore que facer.
 - A veciñanza reflexiona sobre o importante que sería que as persoas técnicas da Deputación acudiran á parroquia para que entenderan o perigo do lugar.
- Servizos para maiores:
 - A veciñanza demanda que en todos os programas de todos os partidos incluían un proxecto de Residencia Pública en Narón e pregunta se hai algún proxecto do Concello. Olga Ameneiro e Pablo Mauriz informan de que o Concello de Narón non pode asumir a inversión de construír unha residencia, mais si intentar chegar a un acordo coa Xunta de Galicia

cedendo uns terreos no Couto e habilitando o acceso, asumindo a parte que lle compete. Esta demanda fíxose. Tamén se están a valorar outras opcións do ámbito privado, por se non fora posible realizar a residencia pública. Todos os anos envíase un relatorio á Xunta de Galicia con demandas do territorio para chegar a acordos de colaboración. Unha veciña comparte a necesidade de facer esta solicitude de forma conxunta entre todas as parroquias e barrios e todos os partidos.

- Abastecemento de auga: Fontes non aptas para beber. A veciñanza comparte o interese por saber se hai algo en proceso. Tamén informa que preto dos pozos hai moitas vacas e que pode xerar un problema de salubridade coa auga. Pablo Mauriz informa que deixaron a preinstalación feita, que queda a comisión da rede de sumidoiros, que é obrigatorio por lei, mais que non hai ningún proxecto en marcha e que lles consta que a demanda do abastecemento é moi baixa.
- Servizo de Internet:
 - Non hai Internet nin cobertura en moitas das zonas, o cal dificulta calquera trámite concreto, xa que cada vez está todo máis telematizado. Por exemplo os contactos da Seguridade Social. Olga Ameneiro informa de que é un problema xeral e sobre ese tema non poden axudar moito, pero si que visitaron recentemente unha empresa que está especializada en dar cobertura de fibra en zonas rurais e zonas de sombra.
 - Fenda dixital: Reflexiónase como moitas persoas poden estar discriminadas polas propias administracións pola telematización.
 - Beatriz, en representación do BNG e como usuaria do local social, informa que non hai fibra no local social. Olga Ameneiro vai consultar esta cuestión para ver por que non funciona Internet.
- Pistas e camiños:
 - Infórmase de que houbo algún desprendemento de terra que caeu sobre as pistas (en concreto a primeira pista que sube cara Casa Pendás, pola zona de Santa Mariña) e non houbo ningunha acción por parte do Concello. Pablo Mauriz informa de que ante eses incidentes hai que chamar ao Concello para dar aviso.
 - Tamén se informa de que a pista que vai cara o cemiterio precisa mantemento.

Outros temas e necesidades abordadas no Consello territorial:

- Un veciño comparte a necesidade de priorizar, e comparte que debería ser prioritario realizar a Residencia para Maiores antes que outras cousas.
- Reflexiona tamén sobre as diferencias do movemento participativo ao longo da historia e como parece que os espazos son cada vez menos participativos.

- Beatriz, en representación do BNG, solicita información concreta das necesidades e demandas dos distintos Consellos territoriais. Pablo Mauriz informa de que calquera demanda de información pódese solicitar por rexistro, e que dende o Concello achegárase a documentación necesaria para explicar que cousas se solicitaron e cando. Olga Ameneiro completa que recolle a suxestión de incorporar máis información ao listado que se levan aos propios Consellos territoriais.

PECHE

Péchase a sesión agradecendo a participación, recollendo as suxestións recompiladas durante o Consello territorial e recordando o beneficioso que sería que cada barrio ou parroquia tivera unha asemblea previa aos Consellos onde recoller toda a información e presentar unha solicitude por rexistro para que, dende as concellarías, se levase a información concreta a cada espazo.

En Sedes, a 16 de novembro de 2023.

A Secretaría